

Á SECRETARÍA XERAL DA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA
XUNTA DE GALICIA

Dona **Nome e apelidos**, maior de idade, provista de DNI n.º**xxxxxx** e con domicilio en **yyyyyy** da cidade de **xxxx**, profesora de no **CEIP - IES XXX** en nome propio comparece e

EXPÓN:

Que por medio de este escrito, **formula RECURSO DE ALZADA** contra a **relación nominal dos usuarios do servizo de comedor** elaborado pola dirección do **NOME DO CENTRO EDUCATIVO** e, particularmente, **contra a decisión da dirección do citado centro educativo de negar á recorrente o acceso como usuaria** ao citado servizo para o curso 2010-2011.

MOTIVOS:

Primeiro.- En data **xxx** fun advertido pola dirección do **NOME DO CENTRO EDUCATIVO** de que, en aplicación da Instrución 3/2010 da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia de 9 de xuño sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión directa no curso escolar 2010-2011, tería prohibido o uso do servizo de comedor durante o curso académico que comeza.

Adicionalmente fun informado de que a causa da citada exclusión radica na arbitraria interpretación que a Dirección do **NOME DO CENTRO EDUCATIVO** ven facendo do punto 4 da Instrución 3/2010 segundo a cal sería condición necesaria para o uso do comedor polo persoal docente ou laboral do centro que *"o comedor teña cubertas as súas necesidades de colaboradores **con persoal do centro***

Tendo sido completada pola dirección do centro educativo, mediante o uso da aplicación informática XADE, a relación nominal dos usuarios do servizo de comedor e advertindo a exclusión do docente veño recorrer a citada decisión.

Segundo.- A interpretación que a dirección do centro educativo ven facendo da Instrución 3/2010 é inaceptable ao ser contraditoria e vulnerar o disposto polo **DECRETO 10/2007** que, claramente, establece no artigo 8.1. que *"poderán ser usuarios do servizo de comedor escolar (...)* ***"c) o profesorado e persoal non docente do centro"*** condicionando este dereito única e exclusivamente *"á existencia de prazas vacantes e a que se dispoña de persoal colaborador suficiente para a atención do alumnado"* . Polo tanto así interpretada a **Instrución 3/2010 vulnera o principio de xerarquía normativa consagrado no artigo 51 da L30/1992**, en canto establece que *"ningunha disposición normativa poderá vulnerar os preceptos doutra de rango superior"* debendo reputarse **nulas de pleno dereito**, de acordo coa doutrina do Tribunal Supremo (STS 5/02/1992 Sala 3ª Sección 3ª), todas aquelas disposicións normativas contrarias ás leis e ao principio de xerarquía normativa.

De acordo có exposto non só decisión recorrida senón incluso a instrución 3/2010 na que supostamente atopa a súa base deben reputarse **nulas de pleno dereito** por vir a limitar ou restrinxir un dereito expresamente recoñecido por unha norma de rango superior.

Terceiro.- Por outra banda resulta cando menos discutible que a restritiva interpretación da Instrución 3/2010 defendida no centro educativo onde teño destino, resulte acertada toda vez que esta non define axeitadamente qué debe entenderse por *"persoal do centro"*, sendo a interpretación desta expresión que ten escollido a

dirección do centro a máis restritiva das posibles vulnerando así o **principio de razonabilidade** que debe presidir a actuación da Administración.

Polo exposto,

SOLICITO: Que se declare a nulidade da resolución recorrida de conformidade co previsto polo artigo 62 da Lei 30/92 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común por ser contraria ao ordenamento xurídico e, en concreto ao disposto no DECRETO 10/2007, debendo procederse a ditar polo órgano ao que me dirixo unha nova resolución pola que estime a solicitude inicial efectuada polo recorrente declarando o seu dereito a acceder como usuario ao servizo do comedor do centro educativo arriba sinalado.

En xxxxxxxxx a xx de xxxxxxxxx de 2010

Asina